



(F_TOD_25)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACION DE
TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS
AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
29/11/2004	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	278	01/01/2005
27/12/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	31/12/2007
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
04/11/2010	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	24/12/2010
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ informatica@concellodemonforte.com 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE	3
ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS	3
ARTIGO -4- COTA TRIBUTARIA	3
ARTIGO -5- NORMAS DE XESTIÓN	3
ARTIGO -6- DEVEÑO DA TAXA E PAGAMENTO.....	4
DISPOSICIÓN ADICIONAL	4
DISPOSICIÓN FINAL	4



ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos Artigos 57 e 20.3 letra I do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. legislativo 2 / 2004 de 5 de marzo (TRHL) e de conformidade co disposto nos Artigos 15 a 19 do mesmo texto legal o Concello de Monforte establece a taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.

ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da Taxa o aproveitamento especial do dominio público local que se produce cando se ocupan terreos de uso público con mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.

ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias ou as que se beneficien do aproveitamento se se procedeu sen a oportuna autorización.

ARTIGO -4- COTA TRIBUTARIA

Será a resultante de aplicar as tarifas contidas nos parágrafos que a continuación se especifican:

CONCEPTO	€ / mes x m ² ou fracción		
	Rúas 1ª categoría	Rúas 2ª categoría	Rúas 3ª categoría
a) Ocupación da fachada do establecemento	3,66	2,44	1,22
b) Ocupación que sexa fóra da fachada do establecemento comercial	11,25	7,51	5,63
c) Ocupacións adicionais que excepcionalmente se soliciten durante o período estival (mes de agosto)	11,25	7,51	5,63
d) Ocupacións que tan só se produzan durante as festas patronais	7,32	4,88	2,43

ARTIGO -5- NORMAS DE XESTIÓN

1. A categorización das rúas a efectos desta ordenanza serán as mesmas que se conteñen como Anexo a Ordenanza fiscal Xeral.
2. Calquera utilización deberá realizarse previa a obtención da oportuna licenza Municipal e adecuarse ás condicións de utilización que determine o Concello
3. No momento de presentación da solicitude de licenza o Concello poderá esixir o correspondente depósito previo do importe da liquidación que se entenderá liquidación definitiva, unha vez obtida a licenza.
Si a licenza non é concedida nos termos solicitados procederá a regularización do depósito previo e a liquidación definitiva da taxa, procedendo , no seu caso a correspondente devolución da contía ingresada indebidamente .
4. As cantidades esixibles de conformidade coas tarifas, liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.
5. Os servizos técnicos deste Concello poderán comprobar e investiga-las declaracións realizadas polos interesados.
6. Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que non se abone o depósito previo e se obteña a correspondente licenza polos interesados. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar as sancións e recargas que procedan.
7. A presentación de baixa producirá efecto a partir do mes seguinte á súa presentación
8. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza.

ARTIGO -6- DEVEÑO DA TAXA E PAGAMENTO

1. O deveño da taxa regulada nesta ordenanza nace cando se inicie o aproveitamento especial , momento que se entende coincide coa concesión da licenza.
2. Si se produce o aproveitamento sen a correspondente licenza a taxa deveñárase no momento do inicio da utilización
3. O pagamento da taxa realizarase:
 - a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingresos directos na Tesourería Municipal ou onde establecese o Concello, pero sempre antes de retirar-la correspondente licenza.
 - b) Con independencia do exposto será preciso depositar o importe da Taxa cando se presente a solicitude de autorización para gozar do aproveitamento .
 - c) Concello poderá esixir o depósito previo no momento de solicitar o aproveitamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación i aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos .

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 29 de novembro de 2004 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 278 sen que se produciran reclamacións, entrará en vigor o día un de xaneiro de 2005, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 4 de novembro de 2010 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011.

Monforte de Lemos, febreiro de 2016



O Alcalde, José Tomé Roca